



## Obrigas das persoas beneficiarias do fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar - ED330B - Convocatoria 2019

As persoas beneficiarias de libros procedentes do fondo solidario do centro ou de axudas para adquirir libros de texto terán as seguintes obrigas:

1. Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2019/20.
2. A falta de devolución dos libros de texto, sexan do curso inmediato anterior ou de calquera outro, será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2020/21.
3. Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2019/20 e devolvelos ao rematar este, en xuño ou setembro, segundo o caso.
4. Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro no que estea matriculado o alumnado.
5. Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.
6. Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Procedemento

1. Ao rematar o curso 2019/20, o alumnado beneficiario de libros de texto ou do material substitutivo dos libros cando sexa reutilizable, tanto se o recibiron do fondo solidario como se o adquiriron coa axuda para libros de texto, deberá devolvelo ao centro para a súa incorporación ao fondo solidario para o curso 2020/21. O prazo máximo para devolvelos será o \_\_\_ de xuño 2020, agás para o alumnado de ESO que teña algunha materia pendente, que poderá quedarse co libro correspondente ata que se examine e, como máximo, ata o 6 de setembro de 2020.
2. O centro docente gravará a devolución na aplicación *Fondolibros*, para coñecer a 1 de xullo de 2020 o número provisional de exemplares dispoñibles e útiles de cada materia.
3. Os exemplares de ESO que devolva o alumnado despois dos exames de setembro, gravaranse na aplicación ata o \_\_\_ de setembro de 2020 (este incluído).
4. A aplicación *Fondolibros* permitirá xerar un documento de «recollida» dos libros de texto efectivamente devoltos, que terá a sinatura da persoa titular da dirección, o selo do centro e a sinatura do representante legal do alumnado, cando este último así o solicite.